



GRUPO DE PENSAMENTO E TEORÍA DO TÍTERE

A entidade conta cun grupo de pensamento dedicado á elaboración de contidos teóricos e didácticos arredor do títere tradicional, así como o desenvolvemento de actividades que afonden neste patrimonio e acheguen novas perspectivas sobre o mesmo.

OBXECTIVO

O obxectivo deste grupo é facilitar o coñecemento e a valoración desta forma de arte escénica e fornecer a sociedade de ferramentas para a comprensión e desenvolvemento da mesma. Para isto desenvolve accións nos diversos campos

- ✎ Elaboración de artigos, ensaios e contidos en calquera soporte sobre o seu obxecto de traballo.
- ✎ Elaboración das xustificacións teóricas en todos os informes, memorias e solicitudes da asociación.
- ✎ Elaboración do marco teórico de cara a conseguir a declaración de Barriga Verde como Ben de Interese Cultural e outros recoñecementos específicos
- ✎ Representación da AC Morreu o Demo en foros de investigación, medios de comunicación e outros espazos en todo o que se refira ao títere tradicional.
- ✎ Organización de encontros e foros de debate sobre o títere tradicional.
- ✎ Asesoramento sobre cuestións vencelladas ao títere tradicional para institucións, colectivos ou compañías teatrais.
- ✎ Elaboración dos contidos didácticos da asociación, en particular o proxecto Da Barraca á aula.
- ✎ Seguimento dos estudos sobre o títere en Galicia e no exterior, mantemento de contactos con profesionais desta arte, a procurar a difusión do legado do títere tradicional.
- ✎ Coordinación da participación da AC Morreu o Demo no estudo Titeredata sobre o estado do Sector do Teatro Visual, de Títeres e de Obxectos no estado español.
- ✎ Deseño da estratexia da asociación, coordinación das solicitudes de axudas públicas e participación en programas.

COMPOÑENTES

O grupo está composto por persoas do campo educativo, especialistas teóricos no campo do teatro e profesionais dos títeres, así como por persoas cun amplo currículo no campo do asociacionismo e o patrimonio.

🏠 Comba Campoi: Xornalista e investigadora, promotora cultural e produtora executiva en Tintimán Audiovisual, unha sociedade dedicada á produción de documentais, entre outras actividades de promoción cultural. No ano 2012 a produtora presentou a longametraxe documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, ao redor da figura de Barriga Verde e da tradición europea de títeres de luva. Na súa tese doutoral “O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de Barriga Verde na Galiza de Posguerra (1936-1960)” investigou o papel das barracas de feira como forma de comunicación popular durante o franquismo.

🏠 Anxo García: Membro da compañía Viravolta Títeres, fundada en 1982, de Seisdedos Marionetas Tradicionais e de Teatro da Ramboia (gañadora do Certame Manuel María para textos teatrais 2018). Produtor e manipulador en espectáculos de títeres, coordinador do Museo Galego da Marioneta e dos festivais Titirideza e Titirentroido xunto con Pilar Álvarez e Xulio Balado. Investigador da tradición titiriteira galega e un dos reponsables da recreación do espectáculo *Barriga Verde* por Viravolta Títeres.

🏠 Pilar Álvarez: Cofundadora de Viravolta Títeres, coordinadora de programación de Titerentroido, Titirideza e do Museo Galego da Marioneta con máis de 40 anos de experiencia profesional. Cofundadora da Asociación de titiriteiros galegos.

🏠 Santi Prego: Fundador das compañías [Ollomol-teatro submarino](#) e [Ollomoltranvía](#). Foi director da revista [Escaramuza](#) da Asociación de Actores e Actrices de Galicia. É licenciado en Filosofía, doutor en Artes Escénicas pola UVigo e na actualidade profesor da [Escola Superior de Arte Dramática de Galicia](#). No seu currículo figuran programas de televisión como “Rías Baixas” ou “Libro de familia”, os filmes *Mientras dure la guerra*, *La vida que te espera* ou *Para que no me olvides* e proxectos escénicos como *O burgués fidalgo*, *Mensaxe nunha botella de plástico*, *Contos da Lúa* ou *Peer Gynt*.

🏠 **Germán Ermida:** xornalista e antropólogo. Para alén do seu traballo no xornalismo cultural desde 2000 no portal Culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega, desenvolve unha intensa tarefa no campo asociativo en diferentes entidades desde hai case 20 anos. Foi promotor da asociación BD Banda para a promoción do cómic galego, dentro da cal organizou distintas exposicións ou actividades de difusión. Tamén participou na coordinación da presenza galega no Saló do Còmic de Barcelona durante varios anos e as actividades de BD no Salón del Libro Infantil de Pontevedra (2009).

🏠 **Francisco Paradelo:** Guionista, debuxante e mestre de primario. Membro fundador das asociacións de banda deseñada Frente Comixario e BD Banda e do Movemento Defensa da Língua. Membro de diferentes movementos sociais e culturais, como A Gente da Barreira ou a Coordinadora Galega de Roteiros, entre outras iniciativas culturais. Coautor das guías didácticas e das exposicións *As bases da banda*, que compila propostas didácticas arredor da banda deseñada, e mais “As cantigas de Santa Maria. Arte BDieval”. Coautor da *História da Língua em Banda Desenhada*, autor en publicacións como *XO*, *O Pasquim*, ou *Retranca*.

🏠 **Marcelo Martínez:** profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, responsable do grupo de investigación Cidadanía e Comunicación, autor da idea orixinal e coguionista do documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*. A súa investigación céntrase nas formas de comunicación das comunidades, incluíndo o teatro.

🏠 **Rocío Fernández:** Pedagoga de formación, nas especialidades social e escolar (USC, 2004). Desde 2004 ata 2012 desenvolve a súa carreira profesional no ámbito educativo. En 2012 vira cara o mundo da cultura ao incorporarse a compañía Viravolta Títeres onde desenvolve tarefas de distribución e produción, así como de deseño de material didáctico.

ACCIÓN

2021

- 📁 Planificación e desenvolvemento do proxecto Da Barraca á Aula Fase 3: Marzo-Novembro de 2021
- 📁 Elaboración da guía didáctica da exposición “Eu son Barriga Verde”. Xuño-Outubro de 2021
- 📁 Coordinación da mesa redonda “Títeres e medios. Unha relación inexistente.” Maio-xuño de 2021.
<https://www.youtube.com/watch?v=ZL2c0FailuQ>
- 📁 Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da Coruña 2021
- 📁 Planificación e desenvolvemento de obradoiros de títeres adaptado para a Asociación Aspamite de Teo e para o (Agosto e setembro de 2021)
<https://www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/posts/4505943862830591>
<https://www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/posts/4545369628888014>
<https://www.facebook.com/proxectoBarrigaVerde/posts/4573475832744060>

2020

- 📁 Planificación e desenvolvemento do proxecto Da Barraca á Aula Fase 2: Marzo-Novembro de 2020
- 📁 Planificación, coordinación, gravación e difusión dos vídeos “Títeres para o confinamento”. Marzo-Xuño de 2020
https://youtube.com/playlist?list=PL0VxWyBErW3MB3euFKdPD_tXSRMCLiup
- 📁 Coordinación e asesoramento da mostra de autómatas Kinetico, a procurar xeitos de a vincular á tradición títereira europea e aos antecedentes históricos de autómatas : Xuño-Novembro de 2020.
https://youtu.be/t_1wPVfzxy4
- 📁 Elaboración da exposición “ Barriga Verde e a arte dos Silvent”
- 📁 Coordinación da mesa redonda “A innovación da cachaporra: Novos xeitos de traballar a tradición” Agosto-Novembro de 2020
<https://youtu.be/ECSPSX2-5Yk>
- 📁 Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da Coruña 2020 e ao Ministerio de Cultura e Deporte.

- 📁 Planificación e desenvolvemento de obradoiros de títeres adaptados e en liña para a Asociación Asпамite de Teo (Xullo-Decembro de 2020)

[https://www.facebook.com/aspamite/posts/3527251457370611?__cft__\[0\]=AZVjRUjGUHiK19AGJiFF-mkMmaVbGID8A1870W](https://www.facebook.com/aspamite/posts/3527251457370611?__cft__[0]=AZVjRUjGUHiK19AGJiFF-mkMmaVbGID8A1870W)

[https://www.facebook.com/aspamite/posts/3527285447367212?__cft__\[0\]=AZXXD7DSwzDYo5_Uz85jmUpAcaiXA84ENEI4oJGBEdy5JE-3fxEomduPY_qCs2dh0Srw9Sd8d1i8uDj2MKdblbthWT101BmP6dDf6Cqa5_1wM8EkH7M9izEtCxJDGtNA_uWAihzVe7tz6gVWEUY-naT&__tn__=%2C0%2CP-R](https://www.facebook.com/aspamite/posts/3527285447367212?__cft__[0]=AZXXD7DSwzDYo5_Uz85jmUpAcaiXA84ENEI4oJGBEdy5JE-3fxEomduPY_qCs2dh0Srw9Sd8d1i8uDj2MKdblbthWT101BmP6dDf6Cqa5_1wM8EkH7M9izEtCxJDGtNA_uWAihzVe7tz6gVWEUY-naT&__tn__=%2C0%2CP-R)

2019

- 📁 Planificación, desenvolvemento e avaliación do proxecto Da Barraca á Aula. Fase 1: Marzo de 2018 a decembro de 2019.

Durante varios meses de 2018, o equipo desenvolveu as bases do proxecto “Da Barraca á aula” como un programa orientado a desenvolver durante un curso en colaboración co profesorado dun centro e axeitado a diferentes niveis educativos, desde primaria ata o final do ensino medio.

O proxecto desenvolveuse ao longo do primeiro trimestre do curso 2019/20 na totalidade dos centros de ensino de Teo co apoio da Deputación da Coruña. De xeito paralelo, e co apoio do Ministerio de Cultura, desenvolveuse un programa parello no CPI Virxe da Saleta de Cea.

- 📁 Coordinación da mesa redonda: “Onde vai a cachaporra?”. Agosto-Outubro de 2019 <http://barrigaverde.eu/cms/da-barraca-a-aula-un-novo-paso-para-barriga-verde/>

- 📁 Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da coruña 2019 e ao Ministerio de Cultura e Deporte

2018

- 📁 Asesoramento e revisión do libro *Sen medo ao demo* (Febreiro-Maio de 2018) A Asociación colaborou na revisión e elaboración deste ensaio de Comba Campoi, editada por Alveiros, selo da Fundación Vicente Risco.

https://tenda.airadasletras.gal/es/libro/sen-medo-ao-demo_41779

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/07/07/cultura-presentacion-linares-libro-sen-medo-ao-demo-com-ba-campoi/0003_201807D7C3997.htm


- 📁 Coordinación da mesa redonda “Muller e títere tradicional” (Agosto-Outubro de 2018) <https://youtu.be/5Mrf5akh1h4>

Planificación e desenvolvemento de obradoiros:

-  Obradoiros de memoria na residencia As Dores de Lalín (Outubro 2017-Xaneiro 2018)


<https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2017/09/01/residencia-as-dores-anima-recuerdo/1742492.html>


<http://asdoresresidencia.es/titeres-na-memoria-cabezas-valeiras-cabezas-cheas/>

-  Obradoiros de Títeres en igualdade (Lalín, 2017; Teo, Novembro de 2018)


<https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2017/03/05/lalin-organiza-taller-titeres-impulsar/1635144.html>


-  Obradoiro de construción de títeres (Teo, Novembro de 2018)

-  Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da coruña 2018 e ao Ministerio de Cultura e Deporte

-  Documentación e elaboración de dossier para a Consellaría de Cultura (Febreiro-Marzo de 2018)

2017


-  Coordinación da mesa redonda “Títeres, o patrimonio esquecido” (Agosto-Outubro de 2017) <https://youtu.be/8uhQ4DMBFA0>


-  Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da coruña 2017 e ao Ministerio de Cultura e Deporte.

2016


-  Apoio teórico para a posta en marcha do Titiriberia, festival de títeres tradicionais galegos.

-  Coordinación da mesa redonda “Títeres e violencia” (Agosto-Outubro de 2016) https://youtu.be/WRdx_eVnDLw

-  Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da coruña 2016 e ao Ministerio de Cultura e Deporte

-  Planificación das actividades propostas no catálogo da asociación <https://drive.google.com/file/d/0B00yi6aiwHgPUUR2UzJEMTc2MVU/view?usp=sharing>

2015

-  Desenvolvemento teórico das solicitudes de axudas á Deputación da coruña 2020 e ao Ministerio de Cultura e Deporte.

2014

📁 Elaboración da exposición e Guía didáctica: “Onde foi Barriga Verde?” (Xaneiro-Xuño de 2014) <http://barrigaverde.eu/cms/exposicion-e-guia-didactica-onde-foi-barriga-verde/>

📁 Coordinación e elaboración de artigos para o catálogo e a exposición “Barriga Verde: De feira en feira”
<http://barrigaverde.eu/cms/catalogo-barriga-verde-de-feira-en-feira/>

📁 Coordinación de contidos e elaboración de artigos para o libro-DVD “Morreu o Demo, acabouse a peseta”
<http://barrigaverde.eu/cms/249/>